

## ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL

Para cumprir co disposto no artigo 135.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, publícase a resolución de adxudicación provisional do procedemento negociado sen publicidade da obra "Centralización, xestión e redución do gasto enerxético na iluminación pública da Madanela e San Cristovo", adoptado por acordo da Xunta de Goberno Local do 4 de agosto de 2010, co seguinte contido:

"Logo de completarse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra "Centralización, xestión e redución do gasto enerxético na iluminación pública da Madanela e San Cristovo", financiada con cargo á subvención do Instituto Enerxético de Galicia, convocado por acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de xullo de 2010, con apertura de documentación administrativa xeral e proposicións económicas do 29 de xullo de 2010, examínase a proposta de adxudicación que fai a Mesa de contratación a favor de Coruñesa de Ahorro Energético, S.L.U., conforme á acta redactada para o efecto.

Considerando que corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución deste expediente, conforme á delegación que fixo o Pleno do Concello, mediante acordo de data 27 de xuño de 2007, da competencia para a contratación de obras que non superen un ano.

A Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións previstas no apartado 2º da Disposición Adicional 2ª, da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, por unanimidade, ACORDA:

Primero.- Adxudicar provisionalmente a execución destas obras á empresa Coruñesa de Ahorro Energético, S.L.U., por un importe de 100.000,00 euros (IVE e demais tributos incluídos).

Segundo.- Notificarlle este acordo aos licitadores e publicalo no perfil do contratante."

Monterrei, 4 de agosto de 2010

O alcalde,

José Luis Suárez Conde